

REPENTIZACIÓN

E

ACOMPañAMENTO

ESPECIALIDADE: GUITARRA

Programación da materia de REPENTIZACIÓN E ACOMPAÑAMENTO NA ESPECIALIDADE DE GUITARRA

INTRODUCCIÓN

A especialidade de Guitarra trata de desenvolver os aspectos técnicos e musicais propios deste instrumento co fin de facilitar os medios para que o o/a alumno/a adquira o nivel profesional e dotalo/a de recursos suficientes para se encamiñar ao Grao Superior. Dentro desta especialidade, a materia de Repentización e Acompañamento, que se imparte no curso de sexto de Grao Profesional, supón a necesidade de relacionar coñecementos, habilidades e destrezas que ata o momento foron tratados en materias diferentes: instrumento, harmonía, análise ou linguaxe musical.

Este é o momento de buscar os puntos de conexión que hai entre elas e traballalos nunhas sesións que serán fundamentalmente de carácter práctico.

Os eixos fundamentais nos que se basea a presente materia son os seguintes:

En primeiro lugar procúrase obter unha capacidade mínima de lectura á primeira vista en todos aqueles contextos en que é necesaria para un músico profesional.

En segundo lugar traballaranse aspectos que teñen que ver co acompañamento, as súas pautas, estratexias, técnicas e estilos.

E o terceiro eixo é a improvisación: unha iniciación entendida como aplicación dos coñecementos harmónicos e analíticos asimilados ata o momento.

Sobre a consulta deste documento, hai que ter en conta que hai certa información de carácter xeral, carácter máis específico, aparece distribuída segundo o curso que corresponda: secuenciación, obxectivos, contidos, mínimos esixibles, criterios de cualificación, procedementos e ferramentas de avaliación ou actividades de recuperación.

AVALIACIÓN INICIAL

O profesorado de guitarra fará unha avaliación inicial nos inicios do curso onde se comprobará o estado do alumno ou alumna e de ser posible se comparará cos informes do curso anterior para detectar obxectivos e contidos non acadados.

Esta avaliación individual do alumnado serve para informar o profesorado da situación real do estudante e axuda a planificar de forma máis eficiente a temporalización e a organización do curso.

PLANS DE REFORZO

Coa finalidade de traballar na mellora das posibles carencias e dificultades do alumnado que o precise, o profesorado disporá, cando sexa posible, dun tempo dedicado a actividades de reforzo dentro do seu horario.

Nestes casos informarase ás familias e o profesorado recollerá no caderno de aula tanto as carencias detectadas, os contidos que se traballarán e as ferramentas empregadas dentro da aula de reforzo.

METODOLOXÍA

A materia Repentización e Acompañamento pode ser un bo exemplo de aplicación da aprendizaxe significativa, pois case inevitablemente ten como punto de partida unha recuperación de todos os coñecementos que o alumno ou alumna foi adquirindo en cursos anteriores para organizalos e poñelos en práctica de xeito que, segundo se van adquirindo destrezas, se vai mellorando tamén a visión de conxunto e a visión integradora do discurso musical.

É por iso que o carácter transversal se manifesta máis claramente nesta materia. As clases de repentización, nas que o/a docente traballa de maneira individualizada durante media hora semanal, e que se complementan coas clases de instrumento e de cámara, permiten un alto grao de flexibilidade e adaptación ao ritmo e ás características de cada persoa. Isto é un dos pilares fundamentais das ensinanzas musicais en calquera dos niveis.

Polo tanto, esta programación debe ser tamén un instrumento flexible, que se adapte ao desenvolvemento cognitivo e musical dun alumnado de diferentes idades, que permita elixir entre diferentes camiños para chegar aos mesmos obxectivos, e que facilite a convivencia de diferentes estratexias pedagóxicas.

Non obstante, é tamén unha guía dos obxectivos e contidos mínimos, unha referencia sobre os aspectos técnicos traballados e unha guía orientativa sobre un repertorio organizado en niveis.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As medidas que se levarán a cabo para a atención á diversidade atópanse detalladas no Plan de atención á diversidade do centro, dispoñible na páxina súa páxina web:

O profesorado do departamento porá especial atención nos seguintes aspectos:

- A detección de alumnado con necesidades específicas, para o que se establecerán canles de comunicación cos pais ou titores legais e recadarase toda a información dispoñible a través dos orientadores do ensino obrigatorio.
- Elaboración de adaptacións curriculares para o alumnado con necesidades educativas especiais. Para isto deberá informar á xefatura de estudos e someterse ao criterio da Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Metodoloxía diferenciada para este alumnado, que deberá ter en conta as características específicas de cada caso.

TEMAS TRANSVERSAIS

EDUCACIÓN EN VALORES

Os contidos transversais son esencialmente actitudinais, responden a problemas e realidades directamente relacionados coa vida cotiá de actualidade no ámbito social e que pola súa transcendencia demandan un tratamento educativo.

Tomando como referencia o Decreto que establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia establécense os seguintes elementos transversais:

- A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.
- Fomentarase o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores relacionados co principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual a homes e mulleres, ás persoas con discapacidade, o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, traballando activamente pola non discriminación de calquera condición ou identidade.
- Fomentarase a participación do alumnado en actividades que lles permitan desenvolver o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

- No ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, que se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía en actuacións axeitadas que eviten os accidentes de tráfico e as súas consecuencias.

Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

Os/as docentes do departamento empregarán as tecnoloxías da información e comunicación que ofrece o centro na medida en que o consideren necesario ou proveitoso para o curso e nivel do alumnado.

Por outra banda, e dentro dos contidos impartidos nas aulas individuais, orientarán ao alumnado sobre aquelas ferramentas que poidan ser de maior utilidade para a materia impartida, poñendo especial atención nun uso responsable e ético das mesmas.

A este respecto, e debido ás modificacións introducidas no curso 2018-19 nas Normas de Organización e Funcionamento, non se permitirá ao alumnado o uso do móbil nin dispositivos electrónicos equivalentes nas aulas, así como calquera tipo de aplicacións que recopilen datos sobre o alumnado, a excepción de CENTROSNET e TOKAPP.

Sí se recoñece nesta programación a facultade de que o profesorado empregue Youtube, Spotify, iTunes (ou calquera reprodutor audiovisual), navegadores de internet, afinadores e metrónomos dixitais e calquera outra ferramenta que considere necesaria para o desenvolvemento das clases e o traballo cotiá, sempre que non teña acceso aos datos persoais do alumnado.

Polo tanto, quedan excluídas as bases de datos e similares. Para calquera dúbida, deben consultarse as Normas de Organización e Funcionamento.

CURSO: 5º DE GRAO PROFESIONAL

OBXECTIVOS

- Profundar en aspectos relacionados coa interpretación, articulación, fraseo, dixitación e fidelidade ao estilo.
- Desenvolver un axeitado nivel de lectura a primeira vista de partituras de solista, música de cámara ou como acompañante.
- Coidar ao máximo a calidade do son, utilizando as uñas e empregando axeitadamente as diferentes formas de pulsación. Será obrigatorio dispor de uñas en perfecto estado.
- Dispor dunha guitarra de calidade con cordas novas. Tamén pé, limas, atril, pestana e diapasón.
- Ler a primeira vista partituras polifónicas cunha correcta interpretación das voces, dinámicas, repeticións, ornamentos e demais indicacións da partitura.
- Desenvolver a capacidade de buscar solucións de dixitación para a repentización acorde ao curso académico.
- Desenvolver o emprego dos diferentes aspectos musicais (dinámica, articulación, cor, vibrato e rubato) na interpretación do repertorio proposto.
- Afinar correctamente a guitarra usando diferentes procedementos.
- Desenvolver a capacidade de analizar a estrutura dunha obra a primeira vista: as súas seccións, repeticións, melodía, acompañamento e tema principal.
- Coñecer de forma solvente o repertorio do instrumento a través da lectura de partituras representativas.
- Coñecer de forma solvente a historia da Guitarra: compositores, literatura, formas, estilos e a evolución organolóxica deste instrumento.
- Improvisar sobre estruturas harmónicas de baixa dificultade.
- Coñecer e practicar o baixo cifrado nas súas diferentes tipoloxías.

CONTIDOS

- Lectura de partituras con dificultade gradual atendendo aos seguintes criterios: número de voces, complexidade rítmica, tonalidade, posición no diapasón da guitarra e dificultade de dixitación.
- Realización de análises formais e harmónicas a primeira vista.
- Exercicios de lectura anticipada.

- Análise do estilo e a época como método para adaptar a interpretación.
- Exercicios harmónicos e de transporte.
- Desenvolvemento da improvisación melódica. MÍNIMO ESIXIBLE
- Exercicios de transporte melódico.
- Lectura de diferentes partes de obras camerísticas. MÍNIMO ESIXIBLE
- Iniciación aos diferentes tipos de baixo cifrado.

AVALIACIÓN

Criterios de avaliación

- Amosar interese pola materia, asistir regularmente e cumprir co traballo semanal encomendado.
- Mostrar un desenvolvemento técnico e interpretativo acorde co nivel requirido para o curso. MÍNIMO ESIXIBLE
- Demostrar un nivel de solvencia na lectura a primeira vista e estratexias para vencer as dificultades. MÍNIMO ESIXIBLE
- Aplicar os coñecementos adquiridos ata o momento e aplicalos na realización dos exercicios: análise formal, harmónica, transporte, improvisación. MÍNIMO ESIXIBLE

Contidos mínimos esixibles

Primeira avaliación

- a) Lectura fluída das notas do diapasón ata a VII posición
- b) Destreza na lectura de tonalidades de ata 2 bemois
- c) Dominio do transporte por intervalos de segundas

Segunda avaliación

- a) Dominio das notas do diapasón ata IX posición
- b) Destreza na lectura de tonalidades de ata 2 sostenidos
- c) Soltura no transporte melódico por intervalos de terceiras
- d) Iniciación á improvisación melódica

Terceira avaliación

- a) Dominio das notas do diapasón ata X posición
- b) Destreza na lectura de tonalidades ata 4 sostenidos
- c) Transporte melódico por intervalos de terceiras e cuartas
- d) Iniciación ao baixo cifrado

Procedementos e ferramentas de avaliación

- Avaliación inicial: realizarase na primeira sesión e quedará reflectida no caderno de seguimento de aula.
- Seguemento académico individual do alumno tendo en conta que as aulas son semanais e a avaliación é continua.

O control do traballo semanal farase no caderno de aula, no que se anotará repertorio traballado así como o nivel de consecución das destrezas acadadas e carencias detectadas.

O procedemento xeral de avaliación é continua, pero cando falten datos necesarios para avaliar de xeito continuo deberá convocarse o interesado para unha única proba de carácter instrumental na semana de exames.

O alumnado será convocado para dita proba cunha semana de antelación, como mínimo. A proba consistirá na realización dunha serie de exercicios e na lectura dun repertorio que sexa representativo do traballo normal do trimestre e que permita avaliar os obxectivos e contidos mínimos correspondentes.

Os criterios de cualificación de dita proba serán os seguintes:

- Desenvolvemento técnico co instrumento: pulsación, dixitación e claridade na execución (25%)
- Desenvolvemento interpretativo: fraseo, dinámicas, articulacións e adecuación ao estilo (25%)
- Integración e asimilación dos coñecementos adquiridos noutras materias (25%)
- Asimilación, comprensión e traballo coas diferentes facetas desta materia (25%)

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

Criterios de cualificación

Os criterios de cualificación segundo o sistema de avaliación continua son os seguintes:

- Demostrar a capacidade interpretativa corresponde ao curso académico: 25 %
- Mostrar un desenvolvemento técnico acorde co nivel requirido para o curso: 25%
- Cumprir os obxectivos de traballo marcados semanalmente polo profesor/a: 25 %
- Participar activamente nas clases e manter unha actitude activa: 25 %

Dado o carácter continuo do procedemento de avaliación, a cualificación do terceiro trimestre será igual á cualificación final do curso.

Medidas de recuperación

O profesor/a fará unha proposta de traballo específica para as materias pendentes que teña cada alumno ou alumna.

En todo caso, a avaliación dunha materia pendente deberá ter en conta sempre os obxectivos, contidos e criterios de avalización fixados pola programación para o curso correspondente.

Procedementos de recuperación ordinarios

O profesor/a propondrá, de maneira individualizada, as actividades, exercicios e plan de traballo que estime oportunos para a recuperación da materia pendente. Se fose necesario, e sempre que as condicións horarias do docente e a organización do centro o permitan, poderanse programar horas de reforzo.

Probas extraordinarias

As probas extraordinarias están previstas para o alumnado que non superou a materia, tanto mediante a avaliación continua como polo exame final de curso. As datas de realización das probas serán publicadas polo centro en xuño. A proba consistirá na realización dunha serie de exercicios e a lectura dun repertorio representativo do traballo habitual durante o curso.

Os obxectivos e contidos e son os que rixen para o curso correspondente, e poden consultarse nesta programación.

Os criterios de cualificación son os seguintes:

- Desenvolvemento técnico co instrumento: pulsación, dixitación e claridade na execución (25%)
- Desenvolvemento interpretativo: fraseo, dinámicas, articulacións e adecuación ao estilo: (25%)
- Integración e asimilación dos coñecementos adquiridos noutras materias (25%)
- Asimilación, comprensión e traballo coas diferentes facetas desta materia (25%)

Recoméndase que o alumnado se poña en contacto co profesor/titor coa suficiente antelación para aclarar calquera dúbida sobre as mesmas.

Recursos didácticos

Repertorio básico da materia Guitarra corresponde aos cursos 1º-3º de Grao Profesional.

Progressive reading for guitarist. Ed. Ricordi, 2006 Dogson, Stephen

Sight reading for the classical guitar (Levels 1-3). Ed. Alfred, 2002 Benedict, Robert

Elijo mis obras (vol. 2-3). Ed. Donostiarra, 1999 Gamazo, Raquel

CURSO: 6º DE GRAO PROFESIONAL

OBXECTIVOS

- Profundar en aspectos relacionados coa interpretación, articulación, fraseo, dixitación e fidelidade ao estilo.
- Desenvolver un axeitado nivel de lectura a primeira vista de partituras de carácter solista, música de cámara ou como acompañante.
- Coidar ao máximo a calidade do son, utilizando as uñas e empregando adecuadamente as diferentes formas de pulsación. Será obrigatorio dispor de uñas en perfecto estado.
- Dispor dunha guitarra de calidade con cordas novas. Tamén pé, limas, atril, pestana e diapasón.
- Ler a primeira vista partituras polifónicas cunha correcta interpretación das voces, dinámicas, repeticións, ornamentos e demais indicacións da partitura. Desenvolver a capacidade de buscar solucións de dixitación para a repentización acorde ao curso académico.
- Desenvolver o emprego dos diferentes aspectos musicais (dinámica, articulación, cor, vibrato e rubato) na interpretación do repertorio proposto.
- Afinar correctamente a guitarra empregando diferentes procedementos.
- Desenvolver a capacidade de analizar a estrutura dunha obra a primeira vista: as súas seccións, repeticións, melodía, acompañamento e tema principal.
- Coñecer de forma solvente o repertorio do instrumento a través da lectura de partituras representativas.
- Coñecer de forma solvente a historia da Guitarra: compositores, literatura, formas, estilos e a evolución organolóxica deste instrumento.
- Improvisar sobre estruturas harmónicas de media dificultade.
- Coñecer e practicar o baixo cifrado nas súas diferentes tipoloxías.

CONTIDOS

- Lectura de partituras con dificultade gradual atendendo aos seguintes criterios: número de voces, complexidade rítmica, tonalidade, posición no diapasón da guitarra e dificultade de dixitación.
- Realización de análises formais e harmónicas a primeira vista.
- Exercicios de lectura anticipada.

- Análise do estilo e a época como método para adaptar a interpretación.
- Exercicios harmónicos, de transporte e improvisación.
- Desenvolvemento da improvisación melódica.
- Exercicios de transporte melódico e harmónico.
- Lectura de diferentes partes de obras camerísticas.
- Realización dos diferentes tipos de baixo cifrado.

AVALIACIÓN

Criterios de avaliación

- Amosar interese pola materia, participar activamente e cumprir co traballo semanal encomendado.
- Mostrar un desenvolvemento técnico e interpretativo acorde co nivel requirido para o curso. MÍNIMO ESIXIBLE
- Demostrar un nivel de solvencia na lectura a primeira vista e estratexias para vencer as dificultades. MÍNIMO ESIXIBLE
- Aplicar os coñecementos adquiridos ata o momento e aplicalos na realización dos exercicios: análise formal, harmónica, transporte, improvisación. MÍNIMO ESIXIBLE

Contidos mínimos esixibles

Primeira avaliación

- a) Dominio das notas do diapasón ata a XII posición
- b) Destreza na lectura de tonalidades de ata 3 bemois
- c) Dominio do transporte por intervalos de segundas e sextas

Segunda avaliación

- a) Dominio das notas do diapasón ata XIV posición
- b) Destreza na lectura de tonalidades de ata 5 bemois
- c) Soltura no transporte melódico por intervalos de séptimas
- d) Demostración de dominio das técnicas para preparar a improvisación sobre un estándar

Terceira avaliación

- a) Dominio de todas as notas do diapasón
- b) Destreza na lectura de todas as tonalidades
- c) Transporte de melodía con acompañamento harmónico
- d) Realización solvente de exercicios de baixo cifrado

Procedementos e ferramentas de avaliación

- Avaliación inicial: realizarase na primeira sesión e quedará reflectida no caderno de seguimento de aula.
- Seguemento académico individual do alumno tendo en conta que as aulas son semanais e a avaliación é continua.

O control do traballo semanal farase no caderno de aula, no que se anotará repertorio traballado así como o nivel de consecución das destrezas acadadas e carencias detectadas.

O procedemento xeral de avaliación é continua, pero cando falten datos necesarios para avaliar de xeito continuo deberá convocarse o interesado para unha única proba de carácter instrumental na semana de exames.

O alumnado será convocado para dita proba cunha semana de antelación, como mínimo. A proba consistirá na realización dunha serie de exercicios e na lectura dun repertorio que sexa representativo do traballo normal do trimestre e que permita avaliar os obxectivos e contidos mínimos correspondentes.

Os criterios de cualificación de dita proba serán os seguintes:

- Desenvolvemento técnico co instrumento: pulsación, dixitación e claridade na execución (25%)
- Desenvolvemento interpretativo: fraseo, dinámicas, articulacións e adecuación ao estilo: (25%)
- Integración e asimilación dos coñecementos adquiridos noutras materias (25%)
- Asimilación, comprensión e traballo coas diferentes facetas desta materia (25%)

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

Criterios de cualificación

Os criterios segundo o sistema de avaliación continua son os seguintes:

- Demostrar a capacidade interpretativa corresponde ao curso académico: 25 %
- Mostrar un desenvolvemento técnico acorde co nivel requirido para o curso: 25%
- Cumprir os obxectivos de traballo marcados semanalmente polo profesor/a: 25 %
- Participar activamente nas clases e manter unha actitude activa: 25 %

Dado o carácter continuo do procedemento de avaliación, a cualificación do terceiro trimestre será igual á cualificación final do curso.

Medidas de recuperación

O profesor/a fará unha proposta de traballo específica para as materias pendentes que teña cada alumno ou alumna. En todo caso, a avaliación dunha materia pendente deberá ter en conta sempre os obxectivos, contidos e criterios de avalización fixados pola programación para o curso correspondente.

Procedementos de recuperación ordinarios

O profesor/a propondrá, de maneira individualizada, as actividades, exercicios e plan de traballo que estime oportunos para a recuperación da materia pendente. Se fose necesario, e sempre que as condicións horarias do docente e a organización do centro o permitan, poderanse programar horas de reforzo.

Probas extraordinarias

As probas extraordinarias están previstas para o alumnado que non superou a materia, tanto mediante a avaliación continua como polo exame final de curso. As datas de realización das probas serán publicadas polo centro en xuño.

A proba consistirá na realización dunha serie de exercicios e a lectura dun repertorio representativo do traballo habitual durante o curso.

Os obxectivos e contidos e son os que rixen para o curso correspondente, e poden consultarse nesta programación.

Os criterios de cualificación son os seguintes:

Recoméndase que o alumnado se poña en contacto co profesor/titor coa suficiente antelación para aclarar calquera dúbida sobre as mesmas.

Recursos didácticos

Repertorio básico da materia Guitarra corresponde aos cursos 1º-3º de Grao Profesional

Progressive reading for guitarist. Ed. Ricordi, 2006. Dogson, Stephen

Sight reading for the classical guitar (Levels 1-3). Ed. Alfred, 2002. Benedict, Robert

Elijo mis obras (vol. 2-3). Ed. Donostiarra, 1999. Gamazo, Raquel

Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

Os procedementos para a avaliación son os seguintes:

- Participación activa nas clases e control do traballo semanal, con seguimento no caderno de aula.
- Participación activa nos recitais de alumnado organizados polo departamento, con seguimento no caderno de aula.
- Participación nos cursos, concertos e o resto de actividades organizadas polo departamento.
- Participación nas actividades organizadas polo centro.

O seguimento da programación didáctica farase mediante:

- O seguimento individual de cada titor sobre os seus alumnado.
- As reunións de departamento, que terán un punto específico para este seguimento.
- As sesións de avaliación Dado o carácter continuo do procedemento de avaliación, a cualificación do terceiro trimestre será igual á cualificación final do curso.

Os procedementos polos que o departamento fará a autoavaliación son os seguintes:

- Enquisas proporcionadas polo propio centro ao alumnado e que serven para detectar o grao de satisfacción, detectar problemas e achegar queixas ou suxestións.
- As reunións de departamento, en que se debate o funcionamento e a coordinación do mesmo, así como as incidencias producidas nas materias impartidas.
- A memoria final do departamento, que integra as memorias individuais que entregan os seus compoñentes.

CRITERIOS PARA A OBTENCIÓN DO PREMIOS FIN DE GRAO

Segundo a Orde do 10 de marzo de 2009, polo que se regula o procedemento para a obtención de matrícula de honra e Premio de Fin de Grao para as ensinanzas de música e danza , este premio concederase ao alumnado que cumpla os dous seguintes requisitos:

- Rematar os estudos profesionais de música cunha **cualificación media de 8**, polo menos, no último curso.
- Superar a proba anual correspondente ao final do curso , que deberá ser de carácter práctico e será valorada por un tribunal constituído para tal fin.

Os criterios valorativos para a obtención do Premio Fin de Grao establecidos pola Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro son comúns para todas as especialidades e pódense consultar no centro ou na páxina web.

CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA

Con carácter excepcional, e de acordo co establecido na lexislación vixente, poderá solicitarse a ampliación de matrícula ao curso seguinte. Para isto seguirase o seguinte procedemento:

- A solicitude de ampliación de matrícula a outro curso académico deberá ser solicitada pola persoa interesada (no caso de maiores de idade, en caso de menores deberá ser solicitada polos tutores legais) a través do Rexistro Xeral do Concello de Ribeira antes do 15 de novembro do curso académico correspondente.
- A comisión de avaliación (formada polo profesorado que lle imparte materias ao interesado/a) deberá avaliar mediante un exame por cada unha das asignaturas do curso no que estea matriculado. Este exame terá lugar antes de que comece o 2º trimestre do curso.
- A comisión emitirá un informe que será favorable se o/a solicitante acadara unha **nota mínima dun 9** en cada un dos mencionados exames.
- O Consello Escolar, á vista dos informes da comisión de avaliación decidirá sobre a ampliación ou non do alumnado proposto.

Probas de acceso a 6º curso de grao profesional

O único caso en que esta materia pode ser obxecto de exame nunha proba de acceso sería no caso de alumnado que pretenda acceder mediante proba a 6º curso de Grao Profesional. Polo tanto, examínase da materia correspondente ao 5º curso.

Os contidos, obxectivos e criterios de avaliación que o candidato/a ten que cumprir na materia Repentización e Acompañamento para a ampliación de matrícula son os que reflicte esta programación para quinto curso e serán avaliados nunha proba fixada coa suficiente antelación sobre exercicios preparados polo docente.

Os criterios de cualificación desta proba serán os seguintes:

- Desenvolvemento técnico co instrumento: pulsación, dixitación e claridade na execución (25%)
- Desenvolvemento interpretativo: fraseo, dinámicas, articulacións e adecuación ao estilo (25%)
- Integración e asimilación dos coñecementos adquiridos noutras materias (25%)
- Asimilación, comprensión e traballo coas diferentes facetas desta materia (25%)

Con carácter de excepcional, de acordo co establecido na lexislación vixente , poderá ser solicitada a ampliación de matrícula ao curso seguinte. Para isto seguírase o procedemento anteriormente indicado para dito propósito.

ANEXOS COAS RÚBRICAS

	AVALIACIÓN ORDINARIA				
REPENTIZACIÓN E ACOMPAÑAMENTO	MOI MAL	MAL	REGULAR	BEN	MOI BEN
INTERPRETACIÓN 25%	0-0,5	0,6-1	1,1-1,5	1,6-2	2,1-2,5
TÉCNICA 25%	0-0,5	0,6-1	1,1-1,5	1,6-2	2,1-2,5
TRABALLO 25%	0-0,5	0,6-1	1,1-1,5	1,6-2	2,1-2,5
PARTICIPACIÓN NA CLASE 25%	0-0,5	0,6-1	1,1-1,5	1,6-2	2,1-2,5

	AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA E PROBAS DE ACCESO				
REPENTIZACIÓN E ACOMPAÑAMENTO	MOI MAL	MAL	REGULAR	BEN	MOI BEN
INTERPRETACIÓN 25%	0-0,5	0,6-1	1,1-1,5	1,6-2	2,1-2,5
TÉCNICA 25%	0-0,5	0,6-1	1,1-1,5	1,6-2	2,1-2,5
COMPENSIÓN DO TRABALLO DA MATERIA 25%	0-0,5	0,6-1	1,1-1,5	1,6-2	2,1-2,5
ASIMILACIÓN DE COÑECEMENTOS 25%	0-0,5	0,6-1	1,1-1,5	1,6-2	2,1-2,5